

## NOTA DE PRENSA

# Tunas procedentes de toda España, Portugal, Holanda e México congregaranse en Santiago o vindeiro mes de outubro

**O Padroado da Casa da Troia, que se reuniu esta mañá, perfilou varias iniciativas que se van levar a cabo este ano con motivo do centenario da publicación da novela de Pérez Lugín “La Casa de la Troya”**

---

*Santiago de Compostela, 20 de abril de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- O Padroado da Casa da Troia está integrado pola Asociación de Antigos Tunos Composteláns -entidade que xestiona o Museo Casa da Troia dende 1993-, a Universidade de Santiago, o Concello de Santiago e a Xunta de Galicia. Esta mañá celebrouse unha reunión na Reitoría da Universidade de Santiago na que se perfilaron os proxectos que están previstos para este ano, no que se conmemora o centenario da publicación da novela de Alejandro Pérez Lugín “La Casa de la Troya”.

Na reunión do Padroado estiveron presentes o alcalde de Santiago, **Agustín Hernández**; o secretario xeral de Cultura, **Anxo Lorenzo**, o reitor da Universidade de Santiago, **Juan Viaño**; o presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Benigno Amor**; o secretario da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Mariano Sierra**; e **Margarita Castro**, da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago.

Entre as iniciativas que se van levar a cabo ao longo deste ano destaca a celebración do Festival Internacional para agrupacións musicais de pulso e púa *II Encuentros Troianos en Compostela*, previsto para a segunda quincena do mes de outubro. Contarase coa participación de tunas procedentes de toda España e Portugal e tamén de Holanda e México. “Pensamos que pode ser unha festa da cidade, que permitirá atraer a Compostela a persoas que estudaron aquí e que poderán achegarse coas súas familias e amigos para lembrar os seus tempos universitarios” - sinala o presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Benigno Amor**-.

Ademais, estase a traballar na realización dun pase da primeira versión cinematográfica da novela, rodada en 1924 polo propio Pérez Lugín. A emisión do filme tería un acompañamento musical.

## **O Museo reabrirá as súas portas en verán**

O Museo Casa da Troia ten previsto abrir de novo as súas portas ao público durante os meses de verán. A diferenza de anos anteriores, nesta ocasión tratarase de que o museo abra xa dende principios do mes de xuño, polo menos os venres e os sábados, e logo dende mediados de xullo ata mediados de setembro no seu horario habitual.

Ao remate da reunión desta mañá, os membros do Padroado tiveron un recordo moi especial para **Juan Fuentes**, membro do Padroado falecido recentemente.